

Asunto: Listaxe proxectos seleccionados 2ª fase**Procedemento: IN855A Programa Ignicia Proba de concepto**

O artigo 15 da Resolución do 18 de abril de 2018 pola que se establecen as condicións xerais do Programa Ignicia proba de concepto e se procede á súa convocatoria (DOG nº 89 do 9 de maio de 2018) establece que a avaliación dos proxectos presentados á fase de maduración efectuarase en dúas etapas sucesivas, tendo a primeira das mesmas carácter excluínte, de xeito tal que o paso á segunda avaliación, requirirá a superación satisfactoria da primeira.

Na primeira avaliación e preselección comprobouse a adecuación dos proxectos que se presentaron aos obxectivos do Programa Ignicia-Proba de concepto, así como dos restantes requisitos considerados mínimos para poder optar ao financiamento. De acordo co informe elaborado na sesión do 30 de xullo de 2018 polo Comité de Investimentos, esta fase foi superada por 25 proxectos.

Na segunda fase realizouse unha avaliación exhaustiva e en detalle de cada un dos proxectos que superou satisfactoriamente a primeira avaliación, tanto de aspectos técnicos, como de viabilidade económica e comercial. Para esta avaliación contou coa colaboración dos expertos de Oxentia, referente a nivel mundial no ámbito da transferencia de tecnoloxía. Esta segunda avaliación inclúe a emisión dun informe de avaliación en termos de protección, propiedade e maduración tecnolóxica, que será remitido de xeito individual a cada entidade solicitante.

Segundo se indica no artigo 15 da convocatoria, á vista destes informes, o Comité de Investimentos realizará a selección definitiva daqueles proxectos que pasarán ao proceso de elaboración do plan de desenvolvemento e comercialización para a súa proposta á fase de investimento, entendéndose como tales aqueles que acaden unha puntuación mínima de 70 puntos.

En virtude do anterior, o Comité de Investimentos previsto no artigo 14 da convocatoria, en reunión de data 19 de outubro de 2018, acordou que os 9 proxectos seleccionados para pasar ao proceso de elaboración do plan de desenvolvemento e comercialización para a súa proposta á fase de investimento son (por orde de expediente):

Nº expediente	Entidade promotora	Acrónimo
IN855A 2018/06	Universidade de Vigo	AIDFORK
IN855A 2018/10	Universidade de Vigo	RadioUAV
IN855A 2018/16	Universidade de Santiago de Compostela	RuCSC
IN855A 2018/26	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Nanoevers
IN855A 2018/30	Universidade da Coruña	INDEST
IN855A 2018/31	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	KITGAG
IN855A 2018/33	Universidade de Santiago de Compostela	FLUOROTOOLS
IN855A 2018/42	Universidade de Santiago de Compostela	INVERBIS
IN855A 2018/44	Universidade de Santiago de Compostela	NANOTOX

Estamos á vosa disposición para resolver calquera dúbida ou aclaración sobre o programa nos teléfonos 981 951 073 e 981 951 076, no enderezo electrónico servizos.gain@xunta.gal, ou mesmo presencialmente na Axencia Galega de Innovación, rúa Airas Nunes s/n (CNTG), en Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela,
A xefa do Departamento de Servizos e Observatorio da Innovación da Axencia Galega de Innovación
Teresa Bernal Cortegoso

